


MEMORIA

LIMPEZA, SONDAXES ARQUEOLÓXICAS, POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN SOCIAL DO CASTRO DAS BARREIRAS (VIMIANZO, A CORUÑA)

MEMORIA TÉCNICA



Ángel Concheiro Coello

Maio 2011

0. Ficha técnica

Proxecto: Limpeza, sondaxes arqueolóxicas, posta en valor e difusión social do Castro das Barreiras (Vimianzo), ano 2010

MEMORIA

Código SXPA: CT-102A 2010/426-0

Promotor: Concello de Vimianzo / Consellería de Cultura e Turismo

Arqueólogo director: Ángel Concheiro Coello

Equipo de escavación: Marien González Anón, José María Rodríguez Lema, Carlos Fernández Camino, Francisco Pose Castro, Arturo Regadas Vidal

Planimetría e deseño de campo: Ángel Concheiro Coello

Tratamento de materiais: Marien González Anón, Ángel Concheiro Coello

Topografía e replanteo: José María Cambón, Ángel Concheiro Coello

1. Antecedentes

Este proxecto de actuación arqueolóxica foi froito dun convenio asinado entre o concello de Vimianzo e a Consellería de Cultura e Turismo, co obxectivo de acometer traballos de posta en valor do xacemento das Barreiras de Ogas, en Cambada. Os traballos, logo do procedemento de contratación promovido polo Concello, foron adjudicados á empresa NATURGALIA S.L. O proxecto presentado pola empresa e redactado polo arqueólogo Ángel Concheiro Coello, foi promovido polo concello de Vimianzo perante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa autorización, que foi efectiva mediante Resolución do 28 de setembro de 2010.

Os traballos de campo desenvolvéronse entre os días 1 e 26 de outubro, tal e como se comunicou á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O mesmo día 27, no prazo que marca a lexislación, entregouse no rexistro xeral do concello de Vimianzo o Informe Valorativo da intervención, a fin de que fose remitido á Consellería de Cultura e Turismo.

2. Traballos anteriores

Ademais dunha intervención de limpeza levada a cabo en 1999 por persoal municipal e dirixida por arqueólogos contratados pola Excm. Deputación Provincial da Coruña dentro do Plan 2000 de Recuperación da Arquitectura Popular, a primeira actuación arqueolóxica desenvolta no xacemento foi realizada en 2009 polo arqueólogo Ángel Concheiro, cun proxecto de limpeza, levantamento topográfico detallado e fotografía aérea, promovido e financiado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Esta

0. Ficha técnica

Proxecto: Limpeza, sondaxes arqueolóxicas, posta en valor e difusión social do Castro das Barreiras (Vimianzo), ano 2010

Código SXPA: CT 102A 2010/426-0

Promotor: Concello de Vimianzo / Consellería de Cultura e Turismo

Arqueólogo director: Ángel Concheiro Coello

Equipo de escavación: Marien González Añón, José María Rodríguez Lema, Carlos Fernández Camino, Francisco Pose Castro, Arturo Regadas Vidal

Planimetría e deseño de campo: Ángel Concheiro Coello

Tratamento de materiais: Marien González Añón, Ángel Concheiro Coello

Topografía e replanteo: José María Cambón, Ángel Concheiro Coello

1. Antecedentes

Este proxecto de actuación arqueolóxica foi froito dun convenio asinado entre o concello de Vimianzo e a Consellería de Cultura e Turismo, co obxectivo de acometer traballos de posta en valor do xacemento das Barreiras de Ogas, en Cambeda. Os traballos, logo do procedemento de contratación promovido polo Concello, foron adxudicados á empresa NATURGALIA S.L. O proxecto presentado pola empresa e redactado polo arqueólogo Ángel Concheiro Coello, foi promovido polo concello de Vimianzo perante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa autorización, que foi efectiva mediante Resolución do 28 de setembro de 2010.

Os traballos de campo desenvóléronse entre os días 1 e 26 de outubro, tal e como se comunicou á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O mesmo día 27, no prazo que marca a lexislación, entregouse no rexistro xeral do concello de Vimianzo o Informe Valorativo da intervención, a fin de que fose remitido á Consellería de Cultura e Turismo.

2. Traballos anteriores

Ademais dunha intervención de limpeza levada a cabo en 1999 por persoal municipal e dirixida por arqueólogos contratados pola Excm. Deputación Provincial da Coruña dentro do Plan 2000 de Recuperación da Arquitectura Popular, a primeira actuación arqueolóxica desenvolta no xacemento foi realizada en 2009 polo arqueólogo Ángel Concheiro, cun proxecto de limpeza, levantamento topográfico detallado e fotografía aérea, promovido e financiado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Esta

actuación rescatou do esquecemento a un xacemento monumental e marcou o camiño para a súa futura posta en valor como recurso cultural e turístico.



Dous aspectos dos traballos feitos en 2009. Á esquerda a fatigosa limpeza manual; á dereita, levantamento do pequeno dirixible non tripulado que fixo as fotos aéreas

Non obstante, debemos sinalar o meritorio e longo traballo realizado dende fai anos polos estudosos locais Xosé María Lema e Roberto Mouzo, que desenvolveron, sobre todo entre a segunda metade dos anos oitenta e a primeira dos noventa do pasado século, unha destacada labor de investigación e difusión do patrimonio cultural da Terra de Soneira, fundamentalmente do concello de Vimianzo. A Mouzo débese a primeira aproximación científica ás características do castro das Barreiras e o levantamento dunha excelente planta que reflicte de xeito moi aproximado as súas dimensións, morfoloxía e estado de conservación (Lema e Mouzo 1998).


3. Situación e contexto arqueolóxico

O Castro das Barreiras sitúase nas fincas e predios do lugar de Ogas, na parroquia de San Xoán de Cambeda, á beira mesmo da estrada autonómica A Coruña – Fisterra e no perímetro do casco urbano de Vimianzo, do que dista aproximadamente 2,5 km. doadamente accesibles a traveso dun cómodo paseo por beirarrúas.




Panorámica do val de Vimianzo. En primeiro termo, o Castro das Barreiras; ao fondo, a vila

Esta parroquia ocupa a zona máis occidental do val de Vimianzo: un área topográficamente baixa drenada polo río Cambeda, un afluente do río Grande, que forma unha subunidade xeográfica moi ben definida. Ten unha traxectoria lonxitudinal de orientación practicamente L-O, edafoloxicamente está formada por solos pesados e nela se sitúa a capital municipal. Vimianzo, pese a ser un concello no que domina a paisaxe das agras coruñesas, ten unha pequena liña costeira, formada polo *cul de sac* da ría de Camariñas e a desembocadura do río Grande, que drena o NL do territorio municipal. As maiores alturas do termo municipal sitúanse cara o sur e SL, lindando cos concellos de Dumbría e Zas, onde se sitúan o Alto da Cruz (563 m.) e o Prado Vello (445 m.). No norte, dominando a cunca do río Grande ata a súa desembocadura, e dotado de amplas perspectivas sobre o val de Vimianzo érguese, como un coloso, o macizo do Monte Faro (438 m.).



ESCALA 1: 5.000



EQUIDISTANCIA DAS CURVAS DE NIVEL 5 METROS

Este magnífico poboado fortificado das Barreiras domina a cunca verde de Vimianzo, pero non é o único xacemento castrexo do val. Fronte a é, e con relacións moi claras de intervisibilidade, atópase o Castro de Trasouteiro, dominando as terras de cultivo dos lugares de Sansobre e Trasouteiro e formado por un recinto defendido por muralla e

foxo. Outro xacemento, de características moi particulares en emprazamento e morfoloxía, é o Castro da Pena. Trátase dun asentamento situado no alto do monte da Pena, do que se poden observar en superficie restos dunha muralla de pedra e de varias estruturas de planta redondeada.

4. Descrición do xacemento e estado actual de conservación

As características do emprazamento, nunha chaira diáfana, e a monumentalidade dos restos, permiten ler con facilidade a actual estrutura arquitectónica. Conserva un único recinto fortificado de forma oval irregular (semellante a unha faba) cercado por un sistema de foxo – terraplén – muralla de considerable entidade. Na actualidade a croa amosa unhas medidas de 110 x 65 m.



En realidade, hoxe, tras os traballos de limpeza levados a cabo en 2009 e 2010, o rexistro topográfico, a fotografía aérea e o estudo documental, sabemos que o xacemento orixinalmente foi máis complexo do que semella, con esa forma de gran cunca constricta polo urbanismo do dinámico núcleo vimiancés. Como ben revela a ortofoto de 1956 (voo americano), axuntado ao sector defensivo SL aprécianse o que sen dúbida foron partes doutro foxo e un pequeno parapeto sobre terraplén. Ladeira abaixo e ata preto do rego de Cambeda, o xacemento estendeuse en cómaros ou terrazas, hoxe desmantelados polos traballos agrícolas e a concentración parcelaria, xa intuídas no seu momento polos investigadores locais Lema e Mouzo (1998). Non parece haber dúbidas da natureza arqueolóxica destas parcelas, tal e como demostran a morfoloxía e

disposición parcialmente concéntrica ao asentamento castrexo, o cal volve a incidir na existencia de fincas e terreos de explotación agraria de época castrexa na contorna dos asentamentos, algo moi perceptible no caso dos grandes asentamentos “agrícolas” das agras coruñesas. A existencia destes “recintos” secundarios xa foi interpretada a partir da teledetección fotográfica polo gran Bouhier (2001), e foi recentemente Parcero (2002), nun interesante traballo, quen afondou no seu recoñecemento e comprobou, nalgúns casos, a súa funcionalidade como antigas fincas de cultivo.



O Castro das Barreiras no seu contexto xeográfico inmediato. Á esquerda ortofoto do ano 2008. Á dereita imaxe do voo americano de 1956, onde o castro configúrase como unha auténtica agra pechada.

Cara ao N resulta máis complicado apreciar recintos anexos destas características, xa que o terreo non se presta a súa observación e conservación, aínda que a visualización, na foto de 1956, de estruturas fosilizadas baixo o parcelario antigo poderían indicar case con toda seguridade un recinto secundario de características non monumentais.

Ademais da probable desaparición dalgún tipo de recinto anexo, aqueles mesmos factores de agresión, unidos á propia dinámica de expansión da capital municipal e ao trazado de vías de comunicación, provocaron importantes destrucións no xacemento, sen que este perda, todo hai que dicilo, nin un ápice da súa monumentalidade. As alteracións máis importantes foron a desaparición do sistema defensivo no sector NO (no fronte da estrada Coruña-Fisterra) e o atuado de grandes tramos do foxo, do que só restan vestixios (moi notables) nas zonas N e S. A excepción das vivendas que se construíron ao seu lado, e que mesmo chegaron a destruír unha parte do sistema defensivo, as outras alteracións semellan antigas, e seguramente teñen que ver coa expansión dos terreos agrícolas e a mellora de acceso ás fincas de cultivo presentes no mesmo interior da croa. Así, na foto do voo americano de 1956 pode verse que a estrutura sufriu alteracións importantes dende aquela, aínda que a desaparición do foxo e o desmantelamento de parte do paramento exterior da muralla na zona SO (finca 1766 do catastro da propiedade) xa existía naquela data.

Dende aquela, o xacemento viuse moi alterado no arco oriental: nova desfiguración e atuado do foxo (este en datas moi recentes posteriores a 1999, data da limpeza efectuada pola Deputación provincial), incorporando os terreos do castro ás hortas e *curtiñas* das vivendas próximas; desaparición por recheo no sector S e erosión dos sistemas

defensivos complementarios (un novo foxo e un parapeto que se observan na ortofoto de 1956 e se intúen hoxe a simple vista); por último, certificar que os cómaros que definían as terrazas de cultivo castrexas foron totalmente devastados pola concentración parcelaria.



Á esquerda, interpretación por A. Concheiro das estruturas visibles do castro a partir da fotografía aérea de 1955, contrastada con información oral recollida no 2010 e unha vez eliminado o ruído (estrada, parcelario e camiños). Á dereita, noiro dunha terraza de cultivo axuntada ao sistema defensivo.

4. Desenvolvemento do plano de arqueoloxía. Metodoloxía

4.1. Limpeza

Os traballos deron comezo coa limpeza e tratamento da biomasa que inundaba o xacemento arqueolóxico. Como xa se comentou no Informe Valorativo, levouse a cabo unha roza intensiva por medios manuais e mecánicos lixeiros (motodesbrozadoras), seguindo as pautas establecidas na campaña de 2009. Na roza respectáronse os pequenos espiños e algúns carballos que medran no interior do recinto.

4.2. Sondaxes

Obxectivos

Os obxectivos da apertura das sondaxes eran o recoñecemento da potencialidade e características do rexistro arqueolóxico das Barreiras, así como unha aproximación ao seu encadre cronolóxico – cultural dentro da dinámica histórica do mundo castrexo.

Plano de traballo. Desenvolvemento e metodoloxía

Como se recolleu no Informe Valorativo da intervención, a escavación consistiu na apertura, entre os días 14 e 26 de outubro, de varias sondaxes arqueolóxicas no interior do recinto castrexo. Para elo tomouse como base o levantamento topográfico feito por nós mesmos o ano 2009, a partir do cal establecemos unha malla xeorreferenciada,

orientada segundo o eixo maior do xacemento, que ten a súa orixe nas bases establecidas o ano pasado.



Na fotografía da esquerda vese o interior do recinto despois da limpeza. A da dereita reflicte un momento do replanteo das sondaxes

Nun principio marcáronse 6 sondaxes de 4 x 4 m., dispostas aleatoriamente pero que tentaban sondar a totalidade do recinto (perímetro interior axuntado á muralla e zona central). Estas sondaxes, a nivel metodolóxico, comportáronse como pequenas áreas abertas, dividíndose, a efectos de rexistro e documentación, en catro sectores de 2 x 2 m., e estes, á súa vez, en 16 subsectores de 50 cm. de lado. Ao final, e polo rápido achado de niveis fértiles, o que esixiu unha escavación máis detallada, só se abriron 3 sondaxes, denominadas Sondaxe 1, Sondaxe 2 e Sondaxe 4, que, en todo caso, entran na media de superficie aberta para estas breves intervencións de sondaxes avaliativas.

O método seguiu as pautas da escavación manual a nivel e sen deixar testemuñas. O rexistro fíxose segundo o sistema Harris (grupos estratigráficos). O material recuperado rexistrouse tridimensionalmente, así como as tomas de mostras e carbóns. Neste caso (rexistro, recollida, manipulación e embalaxe) empregáronse os protocolos establecidos en M. Martín Seijo et al.. 2010..

O deseño de campo realizouse a escala 1:20 e sobre papel milimetrado. En taller fíxose o tratamento do material arqueolóxico, segundo proxecto: limpeza mecánica e/ou lavado e siglado (BARS001 a BARS539).

O taller ou laboratorio instalouse no edificio da antiga escola unitaria de Cambeda, cedido polo concello de Vimianzo, o que non é máis que outra proba do compromiso positivo que a corporación municipal tivo co noso proxecto. No laboratorio leváronse a cabo os traballos de lavado e siglado do material arqueolóxico, elaboración de inventario e redacción do Informe-Valorativo da actuación. Durante os traballos, foi visitado por membros da corporación e técnicos municipais.

Unha vez rematada a escavación das sondaxes, procedeuse ao seu tapado preventivo con árido medio sobre capa de xeotextil. Deste xeito, as estruturas e niveis arqueolóxicos, así como os perfís, quedaron debidamente protexidos.

A sondaxe 1 mostra pola apertura da escavación. Obsérvase o muro da gran casa (Ge12), o derrube interior (Ge04) sobre o nivel de ocupación (Ge07)



Inicio dos traballos de escavación o 13 de outubro: apertura das sondaxes 3 e 4



A sondaxe 1 nunha fase avanzada da escavación. Obsérvase o muro da gran casa (Ge12), o derrube interior (Ge04) sobre o nivel de ocupación (Ge07)

4.3. Posta en valor e difusión social

Que o Castro das Barreiras ten unhas condicións extraordinarias para a súa posta en valor, o sabemos todos dende fai moito tempo. Pero que, en realidade, fose a funcionar de inmediato como recurso cultural, educativo e ata turístico, non o tiñamos tan claro. E abofé que abondou unha simple campaña de escavación de 12 días de duración para demostrar o impacto descomunal que esta intervención arqueolóxica, longo tempo esperada, tivo sobre a sociedade civil deste concello do occidente da provincia da Coruña. O máis curioso é que a proposta foi moi básica, polo que deixaremos para outra ocasión a explicación que temos para este fenómeno inaudito. A xeito de síntese, a parte de posta en valor e difusión social do castro pode agruparse en dous apartados:

- Incardinación da intervención arqueolóxica na comunidade local coa aplicación da popular filosofía de “aberto por obras”: visitas guiadas de centros escolares, explicacións a pé de intervención a todo tipo de visitantes.
- Promoción e difusión: realización de reportaxes e entrevistas para a prensa e radio comarcais.
- Sinalización: instalación dun panel informativo-indicativo.



Aspectos da difusión social da práctica arqueolóxica e do castro: visita guiada dos alumnos do I.E.S. Terra de Soneira; “portas abertas”: veciños contemplando a escavación; sinal indicativo

5. Resultados

Na parte da intervención máis puramente arqueolóxica, é dicir, na realización das sondaxes manuais, os resultados poden considerarse excelentes, superando claramente as expectativas iniciais. Todas as sondaxes abertas (S1, S3 e S4) acadaron niveis arqueolóxicos, se ben só a primeira e a última proporcionaron estruturas e niveis “in situ”.

5.1. Estratigrafía

A estratigrafía que reflicten as sondaxes está directamente condicionada por varios factores. O máis importante, sen dúbida, é o funcionamento do recinto interior do xacemento como unha agra de cultivo, e o seu posterior abandono, e a profundidade acadada polas catas, que escavaron ata o nivel de ocupación, pero sen levantar a maior parte do derrube que atúa o interior da gran construción de planta redondeada atopada na sondaxe 1.

Sondaxe 1: Ge001: Nivel de terra parda escura, moi húmica. Presenza de pedras miúdas e material contemporáneo (restos de tellas); Ge002: Nivel de terra parda con pedra de construción. Material arqueolóxico moi rodado; Ge003: Derrube estrutura (interior); pedra de construción e arxila moi compacta; material arqueolóxico; Ge004: Derrube estrutura (interior); masa de arxila mesturada con xabre e pedras medianas; Ge005: Derrube estrutura (exterior); pedras de construción fortemente imbricadas mesturadas con arxila; Ge006: área de combustión; Ge007: superficie de pavimento formado por arxila amarela endurecida; Ge008: nivel de terra parda amarelenta con pedras de construción en buzamento 0; Ge009: muro de traxectoria curva; Ge010: nivel de terra parda escura con moitos carbóns e material arqueolóxico; Ge011: nivel de terra parda, compacta e granulosa; Ge012: muro de cachotería de traxectoria curva.


Sondaxe 3: Ge013: Nivel de terra parda, húmica e con material contemporáneo (tellas e restos de cerámica popular vidrada); Ge014: Nivel de terra parda con pedras medianas; Ge015: Nivel pardo amarelento con pedras medianas poligonais orientadas ao W (derrube).

Sondaxe 4: Ge016: Nivel de terra parda escura moi húmica; Ge017: Nivel de terra parda con pequenas pedras e material arqueolóxico; Ge018: Derrube estrutura, pedra de construción e bolos de argamasa (exterior); Ge019: Derrube estrutura (interior); Ge020: extensión de pavimento formado por arxila amarela; Ge021: acumulación restos cerámicos (pequeno vertedoiro); Ge022: nivel de terra parda con pedras en buzamento 0; Ge023: nivel de terra parda con pedras en buzamento 0; Ge024: muro de cachotería de traxectoria curva.

Comentario

Como xa comentamos con anterioridade, a estratigrafía documentada nas sondaxes reflicte de xeito moi fiel a historia das Barreiras dende que o castro da Idade do Ferro convértese nun xacemento arqueolóxico. En todo caso, os 24 Grupos Estratigráficos pódense agrupar nunha serie de paquetes ou fases:

1. Sedimentación: os Ge001, 013 e 016 son a potente capa de terra de cultivo formada a partir da agra pechada. Os Ge002 e 017 correspóndense cunha capa de sedimentación máis antiga, probablemente de similar orixe, que sela os niveis arqueolóxicos.
2. Derrube: os Ge003, 004, 005, 018 e 019 son os derrubos das construcións domésticas situadas no interior do recinto. Están formados polos materiais procedentes dos muros. O Ge 015 seguramente se trate de parte do derrube do paramento interno da muralla.
3. Ocupación: os niveis de ocupación están testemuñados por un bo número de Grupos Estratigráficos, malia que non foron rematados de escavar, sobre todo nos interiores das estruturas. Está formados polos muros das construcións de cachotería (Ge009, 012 e 024), polos restos de pavimentos interiores (Ge007 e 020) con fogar (Ge006), área detritica (Ge021) e outros Grupos asociados Ge010,011,022 e 023).




Estratigrafías máis representativas da intervención arqueolóxica

5.2. Estruturas

A localización de estruturas convencionais de planta curva e muros de cachotería con pavimentos interiores foi a “estrela” no que a resultados se refire, e elas soas abundan para xustificar esta breve campaña de sondaxes. Das tres sondaxes abertas, dúas, a 1 e a 4, proporcionaron restos de construcións pétreas. Na número 3 só se acadou un nivel de derrube que xulgamos provinte do arruinamento do paramento interno da muralla, que, sobre o plano do xacemento, sitúase moi próxima.

Sondaxe 1

Localizáronse parte de dúas estruturas de muros de cachotería de planta aparentemente circular. As construcións atópanse moi próximas e, no caso da estrutura 2, as súas dimensións son considerables: máis de 8 m. de diámetro segundo a reconstrucción hipotética. O material de construción é local, alternando xisto e pezas de granito.



Planimetría acotada da Sondaxe 1 do Castro das Barreiras

Estrutura 2

Trátase dun muro de traxectoria curva que forma parte dunha construción doméstica de planta redondeada. Fíxose seguindo o clásico sistema de dobre fiada de pedras trabadas e asentadas con rachas e morteiro de barro. Resulta rechamante o sistema de construción, con laxas de xisto traballadas a xeito de placa, que alternan cos habituais cachotes de granito, moito menos numerosos. Este método, seguramente condicionado pola disponibilidad dos materiais no propio asentamento ou na contorna inmediata,

precisa dunha grande cantidade de morteiro e dan orixe a uns derrubes singulares, nos que, no medio de pedras e placas de xisto, é normal atopar grandes masas de xabre ou arxila (Ge004).

Os traballos agrícolas, desenvoltos a partir da introdución do arado asimétrico de vertedreira e do *beso* tirado por tractor, profundizaron ata o capeado da fiada superior, provocando alteracións en forma de perda do soporte e movemento de pedras. Isto obsérvase sobre todo na zona inmediata ao perfil SW.

No interior documentouse un nivel de derrube disposto sobre un piso de ocupación, moi alterado nas zonas próximas ao paramento interior. Consta dun sedimento arxiloso de cor amarelento no que se atopan pequenas superficies endurecidas (Ge007). Neste nivel de ocupación sitúase unha área de combustión, parcialmente delimitada por pedras (Ge006). Nas súas inmediacións atopáronse restos cerámicas (entre eles o fragmento dun fermoso labio retraído con reforzo decorado con incisións) e dúas escouras de ferro.

Estrutura 3

Os restos da outra estrutura exhumada na sondaxe, a Estructura 3, correspóndense cunha pequena parte do paramento exterior doutro muro curvo. Conserva só unha fiada e aséntase directamente sobre o nivel de ocupación exterior á Estructura 2, polo que pensamos que foi construída en datas posteriores. Pola súa morfoloxía semella unha construción de dimensións moi pequenas que a faría inútil para a función habitacional. Posiblemente, aínda que este extremo deberá certificarlo unha nova escavación, trátase dunha construción adxectiva relacionada coa gran casa redonda.

Sondaxe 4


Estrutura 1

Foi a primeira sondaxe na que apareceron os restos de construcións de pedra e niveis de ocupación. O resultado máis importante foi o achado da Estructura 1, parte dun muro de cachotería que define una estancia de planta circular. O muro ten unha anchura media de 65 cm. e unha altura máxima conservada de 40 cm. O sistema construtivo é sensiblemente distinto ao da Estructura 2, xa que neste caso o material empregado é, case exclusivamente, o cachote de granito, formando as dúas fiadas paralelas que definen os paramentos exterior e interior. Asemade, a cantidade de morteiro vese reducida, ao mesmo tempo que no asento das pedras gana en importancia o racheado. En definitiva, un muro que resposta fielmente á tradición construtiva da Galicia Occidental granítica: un sistema convencional e ben coñecido por todos aqueles que levamos anos traballando no Castrexo desta rexión galega.

No seu interior, do que só se escavou unha mínima parte, atopáronse os restos dun nivel de habitación, moi descontinuo, formado por arxila amarelenta.

No exterior, no SS 1, atopouse unha gran concentración de restos cerámicos que seguramente se correspondan cun vertedoiro, unha pequena área detritica formada por cacharros esnaquizados da que existen paralelos noutros castros do occidente galego (Cobas e Parcero 2006; Concheiro 2008; Ayán et al. 2010).

148.88




Planimetría acotada da Sondaxe 4 do Castro das Barreiras

5.3. Materiais

Os castros acostuman a ser grandes contedores de material arqueolóxico, por eso os obxectos e restos de útiles empregados na vida cotián son achados habituais. Nesta intervención, como é lóxico pola tipoloxía e cronoloxía do xacemento, destaca a cerámica, pero tamén se atoparon fragmentos de obxectos e útiles de ferro e pedra, así como bolos de argamasa. O repertorio habitual dun asentamento fortificado da Idade do Ferro.

Só se documentaron tres labios pertencentes a recipientes deste tipo, pero un deles é realmente atípico, sobre todo no que se refire ás súas dimensións (36 cm. de boca), como corresponde a unha vasilla de contención (BARS386).



Material cerámico

Para a súa clasificación e estudo seguimos as estratexias desenvolvidas por nós durante os últimos anos, tal e como reflicten as distintas publicacións como as memorias técnicas depositadas na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. No que respecta á terminoloxía dos distintos tipos cerámicos, seguimos empregando a clasificación de Rey (1992), xa firmemente asentada na investigación do castrexo galego (González 2006-2007). Tódalas formas documentadas nesta campaña son pechadas, faltando as características cuncas ou vasillas ultrahemiesféricas, tan habituais noutros lugares.


A forma dominante, con moito, é a ola de perfil composto e *labio facetado*, a estrela indiscutible da produción oleira do Castrexo avanzado da Galicia Occidental. Este é un cacharro ben coñecido na arqueografía galega, pero dotado dunha forma pouco estandarizada na que existen multitude de variantes. O tipo básico consiste nunha ola de tamaño medio, forma pechada, fondo plano, perfil composto en S, colo relativamente desenvolvido en altura de transición suavemente flexionada e labio exvasado, dobrado ao exterior para formar un borde en prolongación. O sistema de dobrado, moi rotundo, que deixa unha aresta interior e desenvolve unha faceta plana, é o rasgo morfolóxico definidor deste tipo tan laxo. Significativamente, tivo unha vixencia temporal moi grande e unha enorme extensión territorial. Os morfotipos máis clásicos véñense denominando “aristados marítimos” (González 2006-2007), aínda que esta é unha denominación que non nos acaba de gustar e que nós, persoalmente, preferimos non empregar.

Outro tipo de gran personalidade, ben coñecido e que non podía faltar neste xacemento, é o *Borneiro A*, un gran cacharro de contención de fondo plano, perfil composto, colo desenvolvido en altura e de transición suave, e labio exvasado que desenvolve unha faceta superior plana ben desenvolta e remata nun borde redondeado “de pico” con baquetón interior. Só se documentaron tres labios pertencentes a recipientes deste tipo, pero un deles é realmente arquetípico, sobre todo no que se refire ás súas dimensións (36 cm. de boca), como corresponde a unha vasilla de contención (BARS386).

No capítulo dos exvasados tamén atopamos fragmentos de labios que responden ao tipo *Neixón Pequeno*, aínda que neste caso son anacos moi pequenos que só permiten ler e representar o perfil do borde e colo (BARS295).

O mundo dos exvasados remata cun representante do amplo e pouco definido grupo de olas de perfil composto en S e borde redondeado, un morfotipo de presenza universal ao longo de toda a Idade do Ferro que acostuma a asociarse á panoplia común de cocíña (BARS356).

Moito interese teñen os poucos pero significativos exemplos de *recipientes pechados de labio retraído*. A nivel tipolóxico forman parte dese grupo de olas globulares que deslumbran na olería do Ferro final. As dous mellor caracterizadas son derivacións ou “imitacións”, segundo unha moi discutible cualificación de Rey (2011), do ben coñecido tipo “Vigo”. A peza BARS533 foi parte do labio dun recipiente que debeu ser moi fermoso. En puridade, non se pode falar dun labio retraído, senón dun labio flexionado interior-exterior no que se pegan dous grosos cordóns de reforzo que recorren todo o perímetro. A decoración dos cordóns, con profundas ungulacións dispostas en sentido alterno, crea un efecto plástico sorprendente que non deixa de lembrar á cestería. Existen tamén unha serie de labios que remiten a formas máis evolucionadas nas que está presente a tradición do mundo dos retraídos tipo Vigo e tipo Corredoiras, como denota a decoración con incisións no labio, pero nas que o reforzo vai desaparecendo e xa se trata dunha formalización nova (BARS494).




Como sempre ocorre nos xacementos deste sector do Noroeste, a porcentaxe de recipientes decorados é moi baixa. Así e todo, temos presentes as técnicas e motivos fundamentais do Castrexo avanzado.

Resulta predominante a *decoración plástica*, ao igual que no veciño asentamento de Borneiro (Romero 1987; Rey 1992). Están moi ben representados os cordóns, que percorren a peza en horizontal (BARS85) ou en vertical (BARS323). Son de sección redondeada (BARS88) ou triangular (BARS85). Como singularidade, nun caso o cordón de sección aplanada e de moita anchura, está decorado con impresións (BARS388).

O outro motivo plástico representado nas Barreiras é un clásico da cerámica castrexa: o mamiño. Aparecen situados na parte alta do galbo ou no mesmo ombro e nótase que foron aplicados mediante un molde, do que quedan as rebabas ben visibles (BARS430). Na maioría dos casos son de sección cónica (BARS192), algunha vez moi aguda (BARS417), pero tamén hainos redondeados (BARS492).

A *impresión* é outra técnica ben representada, deseñando espigados (BARS511), triángulos (BARS437) óvalos (BARS388) e, no caso dos reforzos dos labios retraídos, fondas ungulacóns (BARS533, BARS494).



Materiais arqueolóxicos localizados na Sondaxe 1 (debuxo A. Concheiro)

Unha variante da impresión que non podía faltar en niveis arqueolóxicos tardíos dun asentamento castrexo desta área xeográfica é o *estampado*, pero non esperemos atopar aquí as floridas series de soberbias estampillas dos castros costeiros meridionais. Os motivos son moito máis sinxelos: series de círculos (BARS480) e S simples (BARS492, BARS186). Nun caso aparecen combinadas estas dúas estampillas (BARS425).



Materiais arqueolóxicos localizados na Sondaxe 4 (debuxo A. Concheiro)

Por último temos a técnica máis básica e sinxela, a *incisión*, que pode ser simple (BARS320), deseños complexos (BARS433) ou rede de rombos (BARS251).

Material metálico

Respecto aos materiais metálicos, só se atoparon restos de ferro que se corresponden coas follas de dous útiles de corte (BARS535 e BARS536) e un cravo de cabeza cuadrangular (BARS537). Resulta difícil dicir ao 100% a qué tipo de obxecto pertencen, algo que xa ten ocorrido en xacementos da mesma tipoloxía (Cobas e Parceró 2007). Así e todo, para nós non parece haber dúbida de que a peza 535 é parte da folla dunha fouce, probablemente o extremo distal e máis puntiagudo. A peza 536 planea máis problemas. Podería tratarse do anaco doutra fouce, pero na nosa opinión é parte da folla dun coiteliño afalcatado.

Mencionar, asemade, que no interior da Estructura 2 recolléronse dúas masas de escoura de ferro (BARS538 e BARS539), un achado que acostuma a non recibir a atención que merece e que está testemuñando a práctica da actividade metalúrxica no asentamento.

Material lítico

A industria lítica é o rexistro menos brillante no que a cultura material se refire. Entre o máis destacado localizamos unha peza discoide coidadosamente puída (BARS38), seguramente un pulidor ou alisador de cerámica, e unha lasca (BARS406).


6. Cultura material: comentario e distribución estratigráfica

O repertorio cerámico atopado na escavación deste formidable xacemento é unha mostra excelente da produción oleira deste sector do Noroeste durante a fase final da Cultura Castrexa. En realidade, temos tres conxuntos claramente definidos no cronolóxico: o pequeno grupo de cerámicas vidradas de época contemporánea recollido nas capas superficiais das sondaxes que aportáronse ao rexistro arqueolóxico, como parte do felmo, durante as labores agrícolas, fundamentalmente o estercado das leiras. Os anacos procedentes dos Ge de abandono, situados entre ou por riba do nivel de derrubes das estruturas arquitectónicas e que forman un conxunto clásico da produción castrexa avanzada. Son recipientes de labio arestado que desenvolven unha faceta na parte superior. O máis interesante (BARS15) correspóndese cun gran recipiente de contención (F.1). O remate do borde, lixeiramente engrosado, a gran faceta superior e a marcada acanaladura interior no punto de flexión fálanos dunha produción tardía e moi evoluída, seguramente de cronoloxía xa galaico romana, ao estilo das grandes orzas dos *oppidumns* bracaraugustanos (Días 1997).

Por cantidade e calidade ten máis interese o material extraído dos niveis de ocupación das estruturas arquitectónicas e Ge asociados. Tódalas formas documentadas son pechadas e dominan os exvasados facetados, cunha moi variable terminación do borde. (F4.1, 4.2 e 4.3). Esta maioría de facetados acerca o Castro das Barreiras a outros do chanzo montañoso que rodea as Rías Baixas, como Recarea (Rey 1991) e mesmo do

ámbito costeiro do Barbanza, como Achadizo, onde dominan abrumadoramente (Concheiro 2008).


Tamén están representadas, aínda que en moita menos cantidade, as producións características da comarca máis setentrional, como os recipientes tipo Borneiro A (F.3) e os retraídos con reforzo (F.6). A este grupo, moi numeroso no veciño castro de Borneiro, Rei cualifícao como “imitacións de vasillas Vigo” (Rei 2011), pero nós pensamos que esta opinión baséase nunha visión “intracolonia” da cultura material a partir do Castrexo florido das Rías Baixas. Segundo esa hipótese, as producións meridionais costeiras irradiarían todo o occidente galego dando orixe a un hipotético fenómeno de copia por emulación que, se facemos caso da ampla distribución deste tipo, tería sido frenético e masivo. Na nosa opinión, os recipientes globulares de labio retraído e borde reforzado xorden nunha ampla zona da Galicia occidental entre os séculos III e II a.C. e dan orixe a toda unha familia entre os que están os Vigo, os Corredoiras, o conxunto de toscos reforzados con labio decorado de Alto do Castro e, por suposto, estes supostos “imitadores” presentes en Borneiro e aquí mesmo, nas Barreiras de Ogas.



Táboa de formas cerámicas

En resume, o material extraído nas sondaxes remite a un conxunto que, baixo unha aparente monotonía, agocha unha certa variedade de morfotipos, todos ben coñecidos e con paralelos en castros coetáneos do Occidente galego. A presenza de recipientes

Borneiro A e o gusto pola decoración plástica emparenta ao xacemento co veciño Borneiro e os castros dos *populii* norteños: nerios e ártabros, o mesmo que os retraídos con reforzo plástico, un modelo que se expande a partir do século III a.C. en forma de reforzados Vigo, retraídos Corredoiras e outras múltiples variantes. Por último, a presenza maioritaria dos labios facetados demostra que a produción oleira insírese de cheo na tradición da rexión norte das Baixas e agras occidentais coruñesas, e que o Tambre e a súa bacía, concibida en senso lato, foron un área dinámica e de forte personalidade, malia as poucas intervencións desenvoltas en castros desta zona.



Durante a escavación dos chamados castros agrícolas da Segunda Idade do Ferro, asentamentos de chaira e val, é frecuente atopar utensilios relacionados coa agricultura, a base da súa subsistencia. Estas tres mulleres do Castro das Barreiras, no val de Soneira, traballan as leiras situadas ao pé do terraplén e ilustran ben ás claras o esgotador e descomunal traballo co que se enfrentaron nos últimos séculos do primeiro milenio a.C.

Polo que se refire ao material metálico, son fragmentos pequenos pero de moito interese. Como xa se mencionou, son partes de follas de útiles de corte. Ás veces, polo estado de conservación do ferro, resulta difícil establecer con seguridade a qué tipo de útiles pertenceron. A peza BARS535 case con total seguridade se trata de parte dunha fouce, un útil que xa se ten documentado no próximo castro de Borneiro (Romero 1987) e que demostra a importancia da agricultura na base económica deste xacemento e a xeralización do ferro na elaboración de obxectos de traballo e uso cotián. Malia que en contexto do século VII a.C. xa se atopou unha fouce de ferro en Torroso (Peña 1992), todos estamos de acordo en que a “popularización” deste metal no ámbito castrexo prodúcese na segunda Idade do Ferro, tal e como acontece no occidente asturiano (Fanjul e Marón 2006).

O outro obxecto é difícil de identificar, algo que tamén acontece cos materiais doutros asentamentos castrexos (Covas e Parcero 2006). Podería ser parte da folla doutra fouce,

pero tamén dun coiteliño afalcatado, un achado que non é inhabitual e que coincide ben cronoloxicamente co anterior. Na zona portuguesa, onde son ben coñecidos, están datados na fase III de Coelho (Silva –tamén chamado Coelho- 1986) e resulta ben coñecido o feito de que nos séculos anteriores ao cambio de Era aumenta substancialmente a presenza de artefactos de ferro nos castros galaicos (González Ruibal 2005).

O cravo atopado no interior da Estructura 2 non é un fenómeno estraño no contexto do castrexo avanzado. Demostra a utilización do ferro, outrora escaso ou infrautilizado, en traballos cotiáns de senso máis ben prosaico, así como a importancia que tiveron as construcións de madeira e as carpinterías na arquitectura castrexa. A maioría dos cravos atopados en contexto arqueolóxico proceden de fases avanzadas, ben sexa en niveis romanos (Fanjul e Marón 2006), como de cambio de Era (Parcero et al. 2009), pero non debemos esquecer que tanto no interior como na costa está documentada a súa amortización en contextos prerromanos claros (González Ruibal 2005, Concheiro 2008).

No segundo Ferro existe unha dinámica “comercial” forte que arrastra fluídos e crea numerosos complexos de intercambio entre distintos poboados. Esta podía ser a orixe dos artefactos metálicos das Barreiras se non tivesen aparecido dúas evidencias ás que, no ámbito da investigación tradicional, non se prestaba excesiva atención: as dúas escouras de ferro. Sen poder precisar máis, están a testemuñar a actividade metalúrxica no interior do propio xacemento e resulta moi significativo que se localizaran na zona próxima á muralla, o lugar onde acostuman a instalarse os obradoiros metalúrxicos.

6. Valoración e consecuencias: o Castro das Barreiras e a conquista das terras baixas a finais da Idade do Ferro

En verdade, non se pode facer unha valoración máis positiva deste proxecto. Por unha banda, os traballos de limpeza demostraron que a eliminación periódica da biomasa invasiva é unha das estratexias máis rendibles á hora de poñer en valor un xacemento. Neste caso foi acompañada dunha nova sinalización na que, incluso, se presenta unha proposta de logotipo ou imaxe que identifica o monumento. Pola outra, comprobamos, unha vez máis, o viables que resultan as actuacións de sondaxes á hora de certificar a existencia e relevancia dun depósito arqueolóxico e facer unha achega cronolóxico-cultural ao mesmo.

As tres sondaxes abertas constitúen só unha mostra moi limitada da totalidade do recinto, pero proporcionaron un caudal de información moi rico e sacaron parcialmente á luz parte dun rexistro arqueolóxico notable: os restos de tres construcións de muros de cachotería e planta curva, e un conxunto material formado por 539 pezas, a maioría delas fragmentos de testos cerámicos de Época Castrexa. O repertorio cerámico remite a un momento avanzado do segundo Ferro e resulta moi característico da Galicia norooccidental. Os paralelos máis próximos atópanse nos castros de Borneiro (Cabana de Bergantiños) e, sobre todo, Recarea (Mazaricos), co que ten moitas similitudes.

Dende o punto de vista científico, pódense extraer outras consecuencias moi interesantes para a investigación: As Barreiras de Ogas son os restos dun asentamento

castrexo que viviu os seus *días de viño e rosas* a finais da Segunda Idade do Ferro. Aínda que esto só se debe afirmar baixo o prisma da prudencia, a inexistencia de material de orixe romana e a presenza de tipos cerámicos característicos fálanos dunha Idade do Ferro avanzada: séculos III-I a.C. Unha intervención de máis envergadura, así como a disposición de datacións de carbono 14, poderán axustar máis esta hipótese cronolóxica, así como determinar a existencia de fases de ocupación anteriores.




Dous exemplos magníficos de castros agrícolas do Segundo Ferro na bacía alta do Tambre: á esquerda o Castro de Penagrande, en Sobrado, e á dereita o formidable asentamento fortificado de Boado, encravado no medio e medio das grandes agras de Mesía.

O emprazamento, no fondo dun val de terras pesadas, racha co vello mito da influencia romana na construción destes poboados de chaira e demostra que a conquista das terras baixas de labranza débese contextualizar na propia dinámica interna da Cultura Castrexa. O rexistro arqueolóxico, no que apareceu un fragmento de fouce de ferro e grandes vasillas indíxenas tipo *dolium*, especializadas na contención de alimentos, demostra que o poboado tivo unha clara vinculación co sistema de produción agrícola. A situación concreta do asentamento, dominando unha gran cunca rodeada de escarpes, delimita moi ben a área de explotación económica do asentamento e fainos pensar que a súa contorna tivo que estar intensamente labrada.

Neste senso, parécenos oportuno recalcar que o rendemento medio das terras de cereal (o soporte alimenticio dos campesiños castrexos) nos séculos centrais da Idade Media moi rara vez superaba o 1:3 (Rösener 1990), polo que temos que concluír que, mil anos antes, os habitantes das Barreiras podían sentirse satisfeitos se a súa rendabilidade acadaba unha proporción lixeiramente superior a 1:2, o mínimo necesario para obter excedentes, tendo en conta que de cada colleita tense que reservar unha cantidade igual á empregada na anterior sementeira. Valorando as extensións de barbeito que necesariamente tiveron que existir, para obter eses excedentes, ou sinxelamente sobrevivir, os habitantes dos castros agrícolas, entre eles os das Barreiras, tiveron que poñer en explotación unha extensión xigantesca de terras de cultivo. Na miña opinión, é neste intre, dacabalo entre os séculos II e I a.C. e en paralelo cunha gran explosión demográfica e cun acelerado progreso da tecnoloxía agraria, cando se configuran os espazos agrícolas abertos que durante tanto tempo se identificaron coa Romanidade e coas súas vilas rurais. Persoalmente penso que estes factores definen un modelo social fortemente segmentado, coa comunidade fracturada xerarquicamente e na que existen xa grupos minoritarios de *poseedores* indíxenas por riba dunha ampla masa social servil.

Por eso aínda me fascina contemplar os potentes castros das agras coruñesas, a paisaxe da miña mocidade, dominando os *openfields* de Ordes e Mesía. Unha imaxe que non se afasta moito da que terían ao final da Idade do Ferro.



A conquista das terras baixas. Vista dunha pequena aldea situada no fondo do val de Soneira. Parece que os seus habitantes pensan quedarse definitivamente porque abriron gran claro no bosque, cavarón unha gabia e se fortificaron arredor dun afloramento rochoso. Tamén están empezando a roturar as terras pesadas e fértiles do fondo do val, un traballo colosal que marcará a delgada liña entre o éxito ou o fracaso desta aventura fantástica. Son os primeiros moradores das Barreiras.

Pero non nos enganemos. Unha fortificación monumental que protexe un poboado de casas de pedra é algo máis que un asentamento de colonización tipo granxa cercado por unha empalizada. Por contra, suxire a existencia de importantes redes de relacións intergrupais, unha situación latente de tensión e inestabilidade e, moi posiblemente tamén, unha marcada xerarquización e segmentación sociais. Así as cousas, as paisaxes dos vales da Galicia noroccidental de finais do Castrexo tiña que ser moi semellante á de calquera sociedade da Idade do Ferro da Europa húmida: grandes extensións cultivadas (e, seguramente, parceladas), no medio das que se levantaban aldeas e poboados fortificados cunha arquitectura doméstica en pedra e monumental, cercadas por foxos e poderosas murallas de terra. Con este sistema social e con este modelo de ocupación do territorio, plenamente vixente e madurado durante séculos, as terras agrícolas do Noroeste entraron na órbita do mundo romano coa forma clásica dunha sociedade campesiña occidental de base agraria.

Por último, debo recoñecer que as campañas de sondaxes, sobre todo cando se acadan resultados positivos, polo seu planeamento e obxectivos limitados sempre semellan inacabadas, poñen sobre a mesa interrogantes verbo da interpretación do xacemento e reclaman a berros unha mellor definición das estruturas e niveis arqueolóxicos atopados. O caso das Barreiras é paradigmático: nesta intervención chegouse a un nivel rico en estruturas e cultura moble, pero quedamos *ante portas* de moitas cuestións transcendentais para a investigación, o coñecemento e a correcta lectura do asentamento: ¿cómo son exactamente as características constructivas, en planta e dimensións, das construcións?, ¿cal é a súa funcionalidade?, ¿están ben conservados,

como todo parece indicar, os seus niveis de habitación interiores?, ¿cómo se relacionan espacialmente?, ¿cómo foi o abandono e cales foron os procesos postdeposicionais que afectaron ao depósito?, ¿existe unha fase máis antiga na vida do asentamento?, ¿cómo foi o proceso histórico de relación do asentamento coa paisaxe circundante?. En realidade, agora podemos ter moitos datos, ideas e intuicións, pero as respostas agóchanse baixo o sedimento de labranza que cubre, como unha costra protectora, as ruínas do Castro das Barreiras.



Tito Concheiro 10

Nun ambiente novo para eles, os castrexos das Barreiras traballaron arreo para saír adiante. Deforestaron, roturaron terras virxes e construíron un poboado cercado por foxos e grandes murallas de terra. Estamos no verán do 60 a.C. e, no mesmo día que César arriba a Brigantium, o Castro das Barreiras xa é un poboado monumental atestado de grandes casas de pedra. Aos pes das murallas esténdense os campos de cultivo, co cereal maduro dourando as veigas de porta. As mulleres e homes do castro pelexaron durante xeracións, por eso merecían gañar esta aposta arriscada e fascinante. Continuará.

A Coruña, 9 de maio de 2011


O ARQUEÓLOGO

Ángel Concheiro Coello

Bibliografía

- AYÁN VILA, X.M. et al. (2010), “Escavación arqueolóxica no Castro Grande de Neixón. Campaña 2005: síntese de resultados”, en X.M. Ayán vila (coord.): *Os Castros de Neixón II*. Noia
- BOUHIER, A. (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Santiago de Compostela
- CARBALLO ARCEO, L.X. (2002), *A cultura castrexa na bacía media do río Ulla*. Concello de Lalín
- COBAS FERNÁNDEZ, I. e PARCERO OUVIÑA, C. (2006), *Alto do Castro (Cuntis). Síntesis de resultados y estudio de materiais, campaña 1993*. Santiago de Compostela
- CONCHEIRO COELLO, A. (2008). *Castro do Achadizo. Cultura material, economía e subsistencia na Idade do Ferro*. Concello de Boiro
- DIAS DA SILVA, M.A.D. (1997), *A cerámica castreja da citânia de Briteiros*, Guimaraês
- DYER, J. (1992), *Hillforts of England and Wales*, Oxford
- FANJUL PERAZA, A. e MARÓN SUÁREZ, C. (2006), “La metalurgia del Hierro en la Asturias castreña: nuevos datos y estado de la cuestión”. *Trabajos de Prehistoria*, 63
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2005), “El Castro de Saceda y la jerarquización territorial de la Segunda Edad del Hierro en el Noroeste Ibérico”. *Zephyrus*, 58.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-2007), *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200a.C.-50 d.C.)*. Brigantium 18-19, A Coruña
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. e CARBALLO ARCEO, L.X. (2002), Cerámicas de Castrovite (A Estrada, Pontevedra), *Boletín Auriense*, XXXI. Ourense
- LEMA SUÁREZ, X.Mª. e MOUZO LAVANDEIRA, R. (1998): *O Castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira*, A Coruña,
- MARTINS, M. (1988), *O poboado do Lago, Amares*, Braga
- PARCERO OUVIÑA, C.: *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico*, Ortigueira
- PARCERO OUVIÑA, C., AYÁN VILA, X.M., FÁBREGA ÁLVAREZ, P. e TEIRA BRIÓN, A. (2007), “Arqueología, paisaje y sociedad” en: F.J. González Garía, coord.: *Los pueblos de la Galicia céltica*, Madrid
- PARCERO OUVIÑA, C., GARCÍA-VUELTA, O. e ARMADA, X.L. (2009), “Contextos y tecnologías de la orfebrería castreña: en torno a una nueva arracada de Punta dos Prados (espesante, Ortigueira, A Coruña), *Complutum*, 20,1.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA (1992), *Castro de Torroso (Mos, Pontevedra). Síntesis de las campañas de excavaciones 1984-1990*. Santiago de Compostela
- REY CASTIÑEIRA, J. (1992), *Yacimientos castreños de la Vertiente Atlántica: análisis de la cerámica indígena*. Tese de Doutoramento en microficha nº 185. Universidade de Santiago
- REY CASTIÑEIRA, J. (2011), “Cerámica castreña y alfarería tradicional. Comparaciones”, en VV.AA: *La Cerámica en Galicia: de los Castros a Sargadelos. Actas del XIV Congreso Anual de Ceramología*, Oleiros 2011
- ROMERO MASIÁ, A. (1987), *Castro de Borneiro*, Santiago
- RÖSENER, W. (1990), *Los campesinos en la Edad Media*, Barcelona
- RUIZ, A. e MOLINOS, M. (1992), *Los Iberos. Análisis arqueológico de un proceso histórico*. Barcelona
- SILVA, A.C.F. (1986), *A Cultura Castreja do Noroeste de Portugal*, Paços de Ferreira

FOTOGRAFÍAS



Inicio dos traballos de escavación nas sondaxes 3 e 4



Disposición xeral das sondaxes no interior do recinto



Inicio dos traballos de escavación nas sondaxes 3 e 4



Disposición final das sondaxes no interior do recinto



Sondaxe 1: escavación da Estructura 2. Obsérvese o derrube no interior



Sondaxe 1: escavación da Estructura 2. Na esquina superior esquerda da foto albíscase o paramento externo da Estructura 3



Sondaxe 1: A estrutura 2 coa área de combustión sobre o nivel de ocupación interior



Sondaxe 1: Muros de cachotería das estruturas 2 e 3




Sondaxe 4: muro da estrutura 1



Sondaxe 4: detalle da cachotería do muro da estrutura 1



Sondaxe 4: traballos de escavación da Estructura 1




Sondaxe 4: vista da fiada superior de cachotería do muro da Estructura 1




Vista da Sondaxe 3 e o interior da muralla dende a Sondaxe 4



Materiais de derrube procedentes do paramento da muralla localizados na Sondaxe 3



Sondaxe 1 ao remate dos traballos



Sondaxe 4 ao remate dos traballos



Tapado das sondaxes ao final da escavación



A topografía orixinal do xacemento totalmente restituída



Visión da sinalizaci3n instalada no xacemento



Situaci3n do sinal 3s portas do xacemento



Visita guiada dos alumnos do IES Terra de Soneira de Vimianzo



Laboratorio de campo instalado na antiga escola de Cambeda

PLANOS



Corretero (AC-552) A CORUS
Km 88+400

TUBA-3

1

TUBA-2

SEARA

PROYECTO DE OBRAS

DE RECONSTRUCCIÓN


SONDAJES REALIZADAS

Centro das Semeiras

Cedeira (San Xoán) - Vilmarzo - A Cor

Ordeño

ESCALA



Carretera (AC-552) A CORUÑA
Km-68+400

CEE

LEND A

PERIMETRO DA SONDAXE

MURO DESCUBERTO

SONDAXES REALIZADAS
Castro das Barreiras
Cambada (San Xoán) - Vimianzo - A Coruña

Outubre 2.010

ESCALA 1/500

Arqueólogo: Angel Concheiro Coello

Parcela n.º 1600

Parcela n.º 1604

Parcela n.º 1603

Parcela n.º 1606

Parcela n.º 1607

Parcela n.º 1602

S-3


ESTRUCTURA - 1

S-4

ESTRUCTURA - 3

S-1

ESTRUCTURA - 2



 PERIMETRO DA SONDAXE

 MURO DESCUBERTO

Castro das Barreiras
Cambada (San Xoán) - Vimianzo - A Coruña

Outubre 2.010
ESCALA 1/500